



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación acordeón

Curso 2022-2023

Índice

1. Introducción	5
2. Metodoloxía	6
3. Atención á diversidade	8
4. Temas transversais.....	12
4.1 Educación en valores	12
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	13
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	14
6. Secuenciación do curso	15
6.1 Curso: 1º de Grao Elemental	15
6.2 Curso: 2º de Grao Elemental	24
6.3 Curso: 3º de Grao Elemental	33
6.4 Curso: 4º de Grao Elemental	42
6.5 Curso: 1º de Grao Profesional	52
6.6 Curso: 2º de Grao Profesional	63
6.7 Curso: 3º de Grao Profesional	73
6.8 Curso: 4º de Grao Profesional	84
6.9 Curso: 5º de Grao Profesional	96

6.10	Curso: 6º de Grao Profesional	106
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	117
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	118
9.	ANEXOS	120
9.1	Rúbrica de avaliación de Grao Elemental.....	120
9.2	Rúbrica de avaliación de Grao Profesional.....	121
9.3	Probas de acceso 1º de Grao Profesional.....	125
9.4	Probas de acceso a outros cursos	127
	2º de Grao Elemental.....	127
	3º de Grao Elemental.....	128
	4º de Grao Elemental.....	130
	2º de Grao Profesional.....	131
	3º de Grao Profesional.....	133
	4º de Grao Profesional.....	135
	5º de Grao Profesional.....	136
	6º de Grao Profesional.....	138
9.5	Criterios para a obtención dos premios fin de grao	140
9.6	Anexo COVID 19	141



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

1. **Introdución**

A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditas para a nosa comunidade autónoma no posterior Decreto 198/2007, do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesario que permita acceder ao grao profesional.

Así mesmo, a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada Lei Orgánica, no capítulo VI do Título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e defínense no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

profesionais de réxime especial de música. O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Está artellada en torno a catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta programación concretará os decretos anteriores a nivel de aula e será o documento que guiará o proceso de ensino-aprendizaxe da materia de acordeón no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos e didácticos que se presentan a continuación guiarán ao profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe:

- Partirase das capacidades, características e nivel do alumnado e actuarase en consecuencia, traballando na zona de desenvolvemento próximo, é dicir, salvando a distancia entre o que o alumno é capaz de facer por si mesmo e o que é capaz con axuda. Aseguraremos a consecución de aprendizaxes significativos e funcionais establecendo vínculos entre os novos contidos e coñecementos e os que xa se posúen. Para conseguir esta aprendizaxe significativo é fundamental que o alumnado estea activo posto que a única maneira de conseguir o aprendizaxe é mediante a actividade mental, reelaboración de informacións, etc. Para promover esta actividade no alumnado intentarase sempre que estea motivado empregando estímulos como



apoio emocional, interaccións sociais (clases colectivas, concertos...) e intelectuais (elección entre actividades de dificultades e contidos similares). Porén, a parte de usar obras adecuadas para o nivel do alumno segundo o explicado anteriormente, tamén se poderán escoller obras dun nivel máis baixo para poder centrar a atención en aspectos interpretativos e expresivos.

- Busca da auto aprendizaxe. Considerase fundamental que o alumnado desenvolva as estratexias e mecanismos necesarios para ser capaz de aprender pola súa conta, estratexias e mecanismos que irán evolucionando paulatinamente, de acordo co nivel no que se atope. Desta forma fomentárase a autonomía no traballo individual mediante a reflexión persoal, a detección e solución de problemas e en definitiva o “aprender a aprender”. Para isto mostráranse e exemplificáranse diferentes exemplos na aula.
- Intentárase sempre que a metodoloxía sexa activa e lúdica, fomentando a curiosidade xa que esta é o motor do éxito.
- Creárase un clima de aceptación mutua, seguridade, cooperación e confianza, tanto entre o alumnado como co profesorado. Isto conseguirase mediante a toma colectiva de decisións, a superación de conflitos mediante o diálogo, a coordinación entre diferentes intereses, a axuda mutua, etc.
- Enténdese a clase de instrumento como inseparable do resto de materias que se están a estudar, polo que se manterá contacto directo co resto de profesores, realizando seguimento como titor; téntase conseguir dende o centro que o alumnado consiga unha formación musical integral.

3. Atención á diversidade

O ACNEAE, ou alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é todo aquel que precisa unha atención educativa diferente á ordinaria. Inclúe a alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA), con trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo ou con condicións persoais ou de historia escolar particulares.

O ACNEE, ou alumnado con necesidades educativas especiais é aquel con trastornos graves da conducta, que está no espectro autista ou cunha discapacidade física, mental, visual, auditiva... Este alumnado contará cun informe de avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización na escola ou instituto, así coma un plan de traballo individualizado de ser preciso.

As medidas de atención á diversidade inclúen apoio e comunicación co alumnado, asesoramento na simultaneidade cos estudos xerais ou varias especialidades, ampliación ou anulación de matrícula, desenvolvemento de técnicas de estudo, comunicación e colaboración con familias, adaptación de instalacións, etc.

Como a presente materia é de atención individual poderase atender ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado tan pronto como se teña noticia. O diagnóstico



nas diferentes sesións de clase, especialmente na primeira, así como o contacto directo con pais ou titores será esencial en detectar e atender ditas necesidades. A parte da hora de clase, algunhas das horas de titoría poderá estar destinadas a este tipo de labor ao igual que as horas de reforzo.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais poderanse designar medios persoais específicos na forma de profesores de apoio, tradutores, especialistas, etc.; tomar medidas ambientais e materiais ou facilitar medios de acceso físico, xa que o centro debe ser accesible a toda a variedade de alumnado.

No caso de alumnado con altas capacidades intelectuais poderanse elaborar actividades de ampliación de contidos, actividades con maior dificultade da prevista en primeiro momento para o seu curso, actividades que busquen a súa motivación persoal, organización, que axuden á xeración de rutinas e a cohesión social.

O alumnado estranxeiro, ou que se incorpore tardiamente ao sistema educativo, pode presentar dificultades debidas á comprensión do idioma ou por diferenzas culturais. O ideal será aproveitar os coñecementos dos que dispoña previamente nas actividades que se formulen e construír dende aí. No que se refire á comprensión do idioma, nas clases de instrumento, que son individuais, é unha dificultade salvable. Porén, intentárase sempre que o alumnado participe co resto de compañeiros nas actividades propostas para favorecer a súa inclusión no grupo.

Algunhas das medidas que se poderán tomar son a variación de tempos á hora de cumprir o programa, o uso de diferentes materiais audiovisuais e físicos, metas variables, propoñendo actividades para profundar, ou unha adaptación do currículo que non afecte a aspectos substantivos senón organizativos do profesorado, por exemplo cambiando a secuenciación de contidos, de recursos didácticos ou formas concretas de avaliación. No caso de ter que tomar medidas maiores, como por exemplo unha adaptación curricular individualizada (ACI) habería que contar coa aprobación da administración.

A partir desta Programación Didáctica cada profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades. Os mesmos contidos pódense atopar en distintos estudos e/ou obras do repertorio polo que é conveniente ampliar ao máximo o abanico de obras onde elixir.

Para poder aplicar as medidas de adaptación máis convenientes será fundamental, como se mencionou anteriormente, a avaliación inicial, así como o contacto diario na sesión de clase e a comunicación coas familias, para poder reaccionar rapidamente ante un cambio de situación.

Neste aspecto seguirase o indicado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Dende o centro educativo estableceranse nas normas de organización e funcionamento os procedementos para a aplicación dos protocolos e recollerán as



actuacións ante situacións de des-escolarización, absentismo e/ou abandono escolar temperán, como o control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares, a información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos e, se procede, o traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro.

O alumnado sometido a medidas de protección e tutela considerárase como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

O alumnado que, procedente do estranxeiro e cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, descoñeza algunha das dúas linguas oficiais de Galicia, presente un desfase curricular significativo ou graves dificultades de adaptación poderá recibir medidas de tipo curricular ou organizativo.

En cumprimento co establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, estableceranse as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos da menor embarazada e, de ser o caso, do futuro pai, de forma compatible coas exixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade. A menor de idade durante o proceso de xestación e posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou filla, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades.

As clases individuais de instrumento son o contexto ideal para a atención específica que precisará alumnado repetidor e aquel con materias pendentes. En ambos casos, o seguimento do profesorado titor en conxunción co traballo de pais, nais ou titores e do propio alumnado será fundamental para uns resultados positivos. Con este fin elaboraranse actividades de seguimento específicas que axuden á consecución de obxectivos do alumnado así como á súa organización e motivación.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

Tódalas materias instrumentais/vocais grupais levarán consigo todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas, fomentando as relacións humanas entre os alumnos/as, estimulando as capacidades múltiples de comunicación, coñecemento, colaboración, identidade persoal e autoestima.

Nesta programación os temas transversais tratados son aqueles que van influír na conduta do alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal como para o desenvolvemento dunha sociedade libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

A educación en valores trabállase de forma continua ao longo de todo o proceso do ensino, pero especialmente na participación nas actividades propostas para conmemorar por



exemplo o día dos dereitos humanos ou da muller traballadora. A educación en valores inclúe os valores musicais, da personalidade, da privacidade (*online* e *off-line*), do respecto e do compañeirismo.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O uso de TIC en entornas educativas busca instruír e orientar ao alumnado, motivalo, incentivar a súa capacidade investigadora e a súa creatividade. Para isto empregaranse tanto os recursos dispoñibles dende o centro como aqueles outros dos que dispoña o alumnado.

A rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos en bibliotecas, busca de artigos especializados, de partituras, arquivos de vídeo ou audio, etc. O noso traballo na actualidade non consiste tanto en ensinar ao alumnado como empregar a maioría de elementos tecnolóxicos se non en achegalos á unha forma de traballo máis especializado, é dicir, buscas e usos mais precisos e profesionais. A maioría de alumnado xa dispón das mesmas tecnoloxías, incluso en maior calidade, nas súas casas (en ocasións o mesmo teléfono móbil ou tableta que traen á clase), polo que se trata de elementos cos que xa están familiarizados.

No caso de que por algunha razón o alumnado non dispoña de coñecementos de TIC que lle permitan o seu desenvolvemento normal na clase poderase dedicar unha sesión de clase ou unha tutoría para familiarizalo con esas tecnoloxías empregando a biblioteca do centro,

recursos da aula de instrumento, recursos do profesorado, etc. Segundo circunstancias pódese incluír aos pais nestas sesións.

A aula será un espazo onde en certas ocasións se poderán empregar teléfonos móbiles ou tabletas, sempre para un uso pedagóxico: busca de información na rede, vídeos, música, metrónomo, gravacións... Nestas circunstancias as notificacións do dispositivo deberán estar desactivadas.

O alumnado da especialidade de acordeón contará con un espazo específico no Moodle do conservatorio, a aula de acordeón de grao elemental e a aula virtual de grao profesional, onde atoparán material de estudo, material complementario, actividades, vídeos de interese, etc. así como un foro onde preguntar inquedanzas e compartir experiencias cos compañeiros.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase que o alumnado participe en audicións e concertos organizados dentro e fora do centro tanto dende o departamento como dende outros. Neste senso, programaranse intercambios con outros centros da Comunidade ou, se é posible, con outras Comunidades Autónomas. Tamén se animará ao alumnado a asistir a cursos especializados dentro e fora do centro, así como a concertos, charlas, exposicións, conferencias, etc. tanto de acordeón como de variedade de instrumentos e estilos musicais que os poda beneficiar no seu



desenvolvemento. Tamén se proporcionará acceso ao alumnado a diversa literatura especializada sobre a materia de diferentes autores e estilos para incentivar o seu interese.

6. Secuenciación do curso

A continuación presentase a secuenciación por cursos dos obxectivos e contidos recollidos en ambos Decretos mencionados anteriormente. A súa aplicación directa na aula dependerá das capacidades e necesidades específicas de cada estudante en concreto, pero sempre seguindo o indicado neste documento e no Decreto correspondente.

6.1 Curso: 1º de Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- 1.** Transportar o instrumento de forma correcta, para evitar danos tanto no instrumento como no corpo do estudante.
- 2.** Adoptar unha posición adecuada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control e a coordinación dos elementos anatómico-funcionais que están involucrados na interpretación.
- 3.** Estudar a función do fol: fraseo dinámico, acentuación e articulación do fol.
- 4.** Traballar paralelamente en ambas mans. Introducir a interpretación non paralela. Coñecer e realizar diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato).



5. Coñecer as grafías propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII).
6. Coñecer o principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
7. Traballar estratexias para o desenvolvemento da memoria.
8. Desenvolver un hábito de estudo que permita o avance progresivo no instrumento e a interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo.

6.1.2 Contidos

1. Transporte físico do instrumento (mochilas, maletas, carros, etc.). Desprazamento ergonómico do instrumento, proceso de recollida, etc.
2. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
3. Control do fol: fraseo dinámico, acentuación, articulación do fol, cambios de fol....
4. Traballo de forma paralela en ambos manuais (MI-MIII), traballo con MII e melodía acompañada. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato) en ambos manuais.
5. Grafías propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII, rexistración, cambios de fol...).



6. Principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
7. Estratexias para o desenvolvemento da memoria (especialmente memoria motora).
8. Hábitos de estudo que permitan o avance progresivo no instrumento (estudo cotián, o diario de estudo, etc.).

6.1.3 Avaliación

A avaliación é un procedemento intrínseco ao proceso de ensino-aprendizaxe que consiste nunha recollida sistemática de información que fai referencia a todos os seus elementos para mellorar e comprender o proceso. A avaliación servirá para comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe. A intención é que sexa orientadora e formadora, motivadora, reflexiva e analítica, mais non punitiva.

Os diferentes tipos de avaliación que se contemplan durante o proceso son:

- **Avaliación inicial/diagnóstico:** é o que nos permite axustar a acción ás características do alumnado: coñecer o estado cognitivo, actitude, psicomotricidade, os seus intereses, necesidades, expectativas, nivel.... Este avaliación facilitará o aprendizaxe partindo da situación previa. Realizarase nas primeiras sesións de clase do curso.
- **Avaliación final:** valora a consecución de obxectivos, así como os cambios producidos, previstos ou non. Ocorre, en principio, tres veces cada curso, cadrando coas avaliacións.

- **Auto-avaliación dos participantes:** é fundamental que o profesorado e o alumnado avalíe o seu propio comportamento. A auto-avaliación dos participantes realizarase ao final de cada trimestre.

Criterios de avaliación

No referente ao alumnado terase en conta:

- Asistencia diaria á clase e puntualidade
- Participación na clase mediante preguntas, pregunta de dúbidas, realización de tarefas propostas...
- Observación do nivel de estudo persoal, interese e implicación.
- Rúbrica

Mínimos esixibles

Interpretación de dúas obras ou exercicios por trimestre. O alumando deberá demostrar nelas un control do fol (calidade do son, matices, cambios de fol...) e dixital (coordinación, velocidade, control de diferentes articulacións dixitais...) axeitada ao nivel, mantendo unha posición corporal-instrumental compatible coa interpretación e o mantemento dunha boa saúde corporal.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación:



- Observación sistemática do progreso do alumnado durante as clases, que será reflectido no caderno de seguimento do alumnado (terase tamén en conta a súa motivación, interese, participación na clase, actitude fronte a materia, concentración....).
- Audicións e gravacións de aula; audicións públicas en auditorio/aula do centro: buscarase una interpretación correcta do repertorio, empregando as ferramentas e recursos traballados durante a clase e demostrando a súa asimilación.
- Ao longo do trimestre realizaranse probas de aula, gravacións de audio e/ou vídeo, concertos públicos, etc. que serán tidos en conta á hora da avaliación. Ademais poderanse realizar actividades complementarias tales coma intercambios con outros centros ou concertos fora do centro que reverteran positivamente no alumnado.

Ferramentas de avaliación:

- Caderno de seguimento do alumnado que inclúe o rexistro de faltas de asistencia e puntualidade.
- Gravacións de aula e audicións.
- Rúbrica de grao elemental (incluída en anexos).

Criterios de cualificación

A cualificación responderá ás seguintes porcentaxes:

- 20% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.

II) 35% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, dixitación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración...

III) 35% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

IV) 10% interpretación pública en auditorio, aula ou similar. Asistencia e participación activa.

A continuación establécese unha relación entre os criterios de cualificación e o instrumento de avaliación no que se rexistrarán.

Criterios de cualificación	Instrumento de avaliación
I) 20% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.	■ Caderno de seguimento do alumnado que inclúe o rexistro de faltas de asistencia e puntualidade ■ Rúbrica
II) 35% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, dixitación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración...	■ Caderno de seguimento do alumnado ■ Gravacións de aula e/ou audicións ■ Rúbrica
III) 35% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....	■ Rúbrica ■ Caderno de seguimento do alumnado ■ Gravacións de aula e/ou audicións
IV) 10% interpretación pública en auditorio, aula ou similar. Asistencia e participación activa.	■ Rúbrica ■ Caderno de seguimento do alumnado ■ Gravacións de aula e/ou audicións



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolvemento das destrezas musicais e instrumentais do alumnado durante o curso, e representará o nivel de preparación e o grao de madurez para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores. No caso de que unha cualificación conte con decimais realizarase unha aproximación por redondeo á unidade seguinte. Por exemplo, un 4,3 redondearíase a 4 e un 6,67 a 7.

As **probos de calibración** realizaranse entre o profesorado que imparta unha mesma materia no mesmo nivel e estarán organizadas polo xefe de departamento. O profesorado implicado, dirixido polo citado xefe de departamento, deberá emitir un informe de calibración, mínimo unha vez ao ano, que será reflexado nunha acta do departamento. A calibración realizase en audicións ou probas de aula empregando as rúbricas II e III correspondentes a eses criterios de cualificación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula realizarase sempre coa aprobación do profesorado que imparte as diferentes materias que o estudante estea a cursar. O profesorado tutor informará ao resto de profesorado durante o primeiro trimestre do interese do estudante en cuestión de ampliar matrícula, coa intención de que realicen un exame que avalíe os contidos propios do curso a

Páxina **21** de 142



superar. Este exame será similar ao que se realizaría no caso dunha avaliación extraordinaria, seguindo os mesmos criterios de avaliación e rúbrica. O alumnado deberá demostrar tamén as aptitudes e capacidades (a nivel técnico, musical, persoal, de capacidade de estudo...) como para achegarse aos contidos e obxectivos do curso seguinte de forma satisfactoria.

6.1.4 Medidas de recuperación

Estas medidas están destinadas ao alumnado que non alcance os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos nesta programación.

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de ensino-aprendizaxe nas ensinanzas de conservatorio é tal que o novo aprendizaxe se constrúe sobre o aprendido anteriormente. Por isto, no caso de acadar unha avaliación negativa nalgún dos trimestres anteriores á avaliación de fin de curso ordinaria poderase recuperar a materia. No caso de obter unha avaliación negativa nesta habería que recorrer a medidas de recuperación extraordinarias.

As medidas de recuperación ordinarias incluírían:

- Asistencia do alumno a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumno a algunha das horas de titoría.
- Exames de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.



Estas medidas estarán sempre adaptadas ás necesidades e idiosincrasias do alumnado nesta situación.

Probas extraordinarias

No caso de obter unha cualificación negativa na avaliación ordinaria realizarase unha proba extraordinaria, nas datas que se indicarán na páxina web do centro, que consistirá na interpretación das obras programadas durante o curso, total ou parcialmente, ou de calquera outras, segundo o indicado no informe de avaliación negativa. Poderase tamén presentar un programa alternativo chegando a un consenso previamente co profesorado. O alumno atopará mais información sobre as probas extraordinarias no informe de avaliación negativa que se lle entregará coas notas da avaliación ordinaria. O exercicio será puntuado de acordo cos seguintes porcentaxes:

- 50% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 50% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

6.1.5 Recursos didácticos

Algúns dos recursos que se poderán empregar durante o curso son os seguintes:

- Preparatory Studies for beginners, Eddie Harris, Ed Waterloo.



- Metodo per fisarmónica vol 1, V.V.A.A, Ed Bérben.
- Acordeón divertido, Ricardo Llanos, Ed Antza.
- Pun Txan Txan, Ricardo Llanos, Ed Antza.
- Técnica i per fisarmonica a bottoni, Claudio Jacomucci, Ed Bérben.
- Método de acordeón, Tito Marcos.

6.2 Curso: 2º de Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- 1.** Afianzar unha posición adecuada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control e coordinación dos elementos anatómico-funcionais que están involucrados na interpretación.
- 2.** Estudar a función do fol: fraseo dinámico, acentuación e articulación do fol.
- 3.** Traballar paralelamente en ambas mans. Introducir a interpretación non paralela. Coñecer e realizar diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato).
- 4.** Coñecer as grafas propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII).
- 5.** Coñecer o principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
- 6.** Traballar estratexias para o desenvolvemento da memoria.



7. Desenvolver un hábito de estudo que permita o avance progresivo no instrumento e a interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo.

6.2.2 Contidos

1. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
2. Control do fol: fraseo dinámico, acentuación, articulación do fol, cambios de fol....
3. Traballo de forma paralela en ambos manuais (MI-MIII), traballo con MII e melodía acompañada. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato) en ambos manuais nos ritmos básicos traballados no nivel (redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os silencios correspondentes, etc.).
4. Grafías propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII, rexistración, cambios de fol...).
5. Principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
6. Estratexias para o desenvolvemento da memoria (especialmente memoria motora, por exemplo en saltos en MII, intervalos de segunda, terceira menor e semitono en MI/MIII, etc.).



7. Hábitos de estudo que permitan o avance progresivo no instrumento (estudo cotián, o diario de estudo, etc.).

6.2.3 Avaliación

A avaliación é un procedemento intrínseco ao proceso de ensino-aprendizaxe que consiste nunha recollida sistemática de información que fai referencia a todos os seus elementos para mellorar e comprender o proceso. A avaliación servirá para comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe. A intención é que sexa orientadora e formadora, motivadora, reflexiva e analítica, mais non punitiva.

Os diferentes tipos de avaliación que se contemplan durante o proceso son:

- **Avaliación inicial/diagnóstico:** é o que nos permite axustar a acción ás características do alumnado: coñecer o estado cognitivo, actitude, psicomotricidade, os seus intereses, necesidades, expectativas, nivel.... Este avaliación facilitará o aprendizaxe partindo da situación previa. Realizarase nas primeiras sesións de clase do curso.
- **Avaliación final:** valora a consecución de obxectivos, así como os cambios producidos, previstos ou non. Ocorre, en principio, tres veces cada curso, cadrando coas avaliacións.
- **Auto-avaliación dos participantes:** é fundamental que o profesorado e o alumnado avalíe o seu propio comportamento. A auto-avaliación dos participantes realizarase ao final de cada trimestre.



Criterios de avaliación

No referente ao alumnado terase en conta:

- Asistencia diaria á clase e puntualidade
- Participación na clase mediante preguntas, pregunta de dúbidas, realización de tarefas propostas...
- Observación do nivel de estudo persoal, interese e implicación.
- Rúbrica

Mínimos esixibles

Interpretación de dúas obras ou exercicios por trimestre. O alumando deberá demostrar nelas un control do fol (calidade do son, matices, cambios de fol...) e dixital (coordinación, velocidade, control de diferentes articulacións dixitais...) axeitada ao nivel, mantendo unha posición corporal-instrumental compatible coa interpretación e o mantemento dunha boa saúde corporal.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación:

- Observación sistemática do progreso do alumnado durante as clases, que será reflectido no caderno de seguimento do alumnado (terase tamén en conta a súa motivación, interese, participación na clase, actitude fronte a materia, concentración....).



- Audicións e gravacións de aula; audicións públicas en auditorio/aula do centro: buscarase una interpretación correcta do repertorio, empregando as ferramentas e recursos traballados durante a clase e demostrando a súa asimilación.
- Ao longo do trimestre realizaranse probas de aula, gravacións de audio e/ou vídeo, concertos públicos, etc. que serán tidos en conta á hora da avaliación. Ademais poderanse realizar actividades complementarias tales coma intercambios con outros centros ou concertos fora do centro que reverteran positivamente no alumnado.

Ferramentas de avaliación:

- Caderno de seguimento do alumnado que inclúe o rexistro de faltas de asistencia e puntualidade.
- Gravacións de aula e audicións.
- Rúbrica de grao elemental (incluída en anexos).

Criterios de cualificación

A cualificación responderá ás seguintes porcentaxes:

- I) 20% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.
- II) 35% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, dixitación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración...

III) 35% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

IV) 10% interpretación pública en auditorio, aula ou similar. Asistencia e participación activa.

A continuación establécese unha relación entre os criterios de cualificación e o instrumento de avaliación no que se rexistrarán.

Criterios de cualificación	Instrumento de avaliación
I) 20% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.	■ Caderno de seguimento do alumnado que inclúe o rexistro de faltas de asistencia e puntualidade ■ Rúbrica
II) 35% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, dixitación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración...	■ Caderno de seguimento do alumnado ■ Gravacións de aula e/ou audicións ■ Rúbrica
III) 35% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....	■ Rúbrica ■ Caderno de seguimento do alumnado ■ Gravacións de aula e/ou audicións
IV) 10% interpretación pública en auditorio, aula ou similar. Asistencia e participación activa.	■ Rúbrica ■ Caderno de seguimento do alumnado ■ Gravacións de aula e/ou audicións

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolvemento das destrezas musicais e instrumentais do alumnado durante o curso, e representará o nivel de preparación e o grao de madurez para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores. No caso de que unha cualificación conte con decimais realizarase unha aproximación por redondeo á unidade seguinte. Por exemplo, un 4,3 redondearíase a 4 e un 6,67 a 7.

As **probos de calibración** realizaranse entre o profesorado que imparta unha mesma materia no mesmo nivel e estarán organizadas polo xefe de departamento. O profesorado implicado, dirixido polo citado xefe de departamento, deberá emitir un informe de calibración, mínimo unha vez ao ano, que será reflexado nunha acta do departamento. A calibración realizase en audicións ou probas de aula empregando as rúbricas II e III correspondentes a eses criterios de cualificación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula realizarase sempre coa aprobación do profesorado que imparte as diferentes materias que o estudante estea a cursar. O profesorado tutor informará ao resto de profesorado durante o primeiro trimestre do interese do estudante en cuestión de ampliar matrícula, coa intención de que realicen un exame que avalíe os contidos propios do curso a

Páxina **30** de 142



superar. Este exame será similar ao que se realizaría no caso dunha avaliación extraordinaria, seguindo os mesmos criterios de avaliación e rúbrica. O alumnado deberá demostrar tamén as aptitudes e capacidades (a nivel técnico, musical, persoal, de capacidade de estudo...) como para achegarse aos contidos e obxectivos do curso seguinte de forma satisfactoria.

6.2.4 Medidas de recuperación

Estas medidas están destinadas ao alumnado que non alcance os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos nesta programación.

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de ensino-aprendizaxe nas ensinanzas de conservatorio é tal que o novo aprendizaxe se constrúe sobre o aprendido anteriormente. Por isto, no caso de acadar unha avaliación negativa nalgún dos trimestres anteriores á avaliación de fin de curso ordinaria poderase recuperar a materia. No caso de obter unha avaliación negativa nesta habería que recorrer a medidas de recuperación extraordinarias.

As medidas de recuperación ordinarias incluírían:

- Asistencia do alumno a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumno a algunha das horas de titoría.
- Exames de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.



Estas medidas estarán sempre adaptadas ás necesidades e idiosincrasias do alumnado nesta situación.

Probas extraordinarias

No caso de obter unha cualificación negativa na avaliación ordinaria realizarase unha proba extraordinaria, nas datas que se indicarán na páxina web do centro, que consistirá na interpretación das obras programadas durante o curso, total ou parcialmente, ou de calquera outras, segundo o indicado no informe de avaliación negativa. Poderase tamén presentar un programa alternativo chegando a un consenso previamente co profesorado. O alumno atopará mais información sobre as probas extraordinarias no informe de avaliación negativa que se lle entregará coas notas da avaliación ordinaria. O exercicio será puntuado de acordo cos seguintes porcentaxes:

- 50% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 50% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

6.2.5 Recursos didácticos

Algúns dos recursos que se poderán empregar durante o curso son os seguintes:

- Metodo per fisarmónica vol 1, V.V.A.A, Ed Bérben.

- Acordeón divertido, Ricardo Llanos, Ed Antza.
- Pun Txan Txan, Ricardo Llanos, Ed Antza.
- Técnica i per fisarmonica a bottoni, Claudio Jacomucci, Ed Bérben.
- Método de acordeón, Tito Marcos.
- 35 Miniaturen für Akkordeon, Waldemar Bloch, Ed Waterloo.
- Miniatures for accordion, Eddie Harris, Ed, Waterloo.

6.3 Curso: 3º de Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

1. Manter durante a interpretación unha posición adecuada co instrumento, que permita o control e coordinación dos elementos anatómico-funcionais que están involucrados na interpretación.
2. Manexar de forma cada vez máis controlada o fol, de forma que se asegure unha boa calidade sonora.
3. Coñecer e realizar diferentes tipos de articulacións dixitais (legato, picado e non legato) en repertorio axeitado para o nivel, tanto en MII como en MIII.
4. Traballar estratexias para o desenvolvemento da memoria.
5. Desenvolver un hábito de estudo que permita o avance progresivo no instrumento.



6. Coñecer o principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
7. Coñecer a distribución de contrabaixos e acordes disminuídos.
8. Interpretar un repertorio básico con obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo no que se inclúa ao menos unha obra con elementos polifónicos (non máis de tres voces entre os dous manuais).

6.3.2 Contidos

1. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
2. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: traballo da dinámica, busca das diferentes formas de emisión e extinción do son, etc.
3. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato) en ambos manuais nos ritmos básicos traballados no nivel, tanto en MII como en MIII.
4. Estratexias para o desenvolvemento da memoria (especialmente memoria motora, por exemplo en saltos en MII, intervalos de segunda, terceira menor e semitono en MI/MIII, etc.).
5. Hábitos de estudo que permitan o avance progresivo no instrumento (estudo cotián, o diario de estudo, etc.).



6. Principio sonoro do acordeón; o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
7. Distribución de contrabaixos e acordes disminuídos en MII.
8. Polifonía a dúas voces en un manual (exercicios preliminares e interpretación).

6.3.3 Avaliación

A avaliación é un procedemento intrínseco ao proceso de ensino-aprendizaxe que consiste nunha recollida sistemática de información que fai referencia a todos os seus elementos para mellorar e comprender o proceso. A avaliación servirá para comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe. A intención é que sexa orientadora e formadora, motivadora, reflexiva e analítica, mais non punitiva.

Os diferentes tipos de avaliación que se contemplan durante o proceso son:

- **Avaliación inicial/diagnóstico:** é o que nos permite axustar a acción ás características do alumnado: coñecer o estado cognitivo, actitude, psicomotricidade, os seus intereses, necesidades, expectativas, nivel.... Este avaliación facilitará o aprendizaxe partindo da situación previa. Realizarase nas primeiras sesións de clase do curso.
- **Avaliación final:** valora a consecución de obxectivos, así como os cambios producidos, previstos ou non. Ocorre, en principio, tres veces cada curso, cadrando coas avaliacións.



- **Auto-avaliación dos participantes:** é fundamental que o profesorado e o alumnado avalíe o seu propio comportamento. A auto-avaliación dos participantes realizarase ao final de cada trimestre.

Criterios de avaliación

No referente ao alumnado terase en conta:

- Asistencia diaria á clase e puntualidade
- Participación na clase mediante preguntas, pregunta de dúbidas, realización de tarefas propostas...
- Observación do nivel de estudo persoal, interese e implicación.
- Rúbrica

Mínimos esixibles

Interpretación de dúas obras ou exercicios por trimestre. O alumando deberá demostrar nelas un control do fol (calidade do son, matices, cambios de fol...) e dixital (coordinación, velocidade, control de diferentes articulacións dixitais...) axeitada ao nivel, mantendo unha posición corporal-instrumental compatible coa interpretación e o mantemento dunha boa saúde corporal.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Procedementos de avaliación:



- Observación sistemática do progreso do alumnado durante as clases, que será reflectido no caderno de seguimento do alumnado (terase tamén en conta a súa motivación, interese, participación na clase, actitude fronte a materia, concentración....).
- Audicións e gravacións de aula; audicións públicas en auditorio/aula do centro: buscarase una interpretación correcta do repertorio, empregando as ferramentas e recursos traballados durante a clase e demostrando a súa asimilación.
- Ao longo do trimestre realizaranse probas de aula, gravacións de audio e/ou vídeo, concertos públicos, etc. que serán tidos en conta á hora da avaliación. Ademais poderanse realizar actividades complementarias tales coma intercambios con outros centros ou concertos fora do centro que reverteran positivamente no alumnado.

Ferramentas de avaliación:

- Caderno de seguimento do alumnado que inclúe o rexistro de faltas de asistencia e puntualidade.
- Gravacións de aula e audicións.
- Rúbrica de grao elemental (incluída en anexos).

Criterios de cualificación

A cualificación responderá ás seguintes porcentaxes:

- 20% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.

II) 35% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, dixitación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración...

III) 35% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

IV) 10% interpretación pública en auditorio, aula ou similar. Asistencia e participación activa.

A continuación establécese unha relación entre os criterios de cualificación e o instrumento de avaliación no que se rexistrarán.

Criterios de cualificación	Instrumento de avaliación
I) 20% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.	■ Caderno de seguimento do alumnado que inclúe o rexistro de faltas de asistencia e puntualidade ■ Rúbrica
Os resultados das avaliacións expresaranse mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores. No caso de que unha cualificación conte con decimais realizarase unha aproximación por redondeo á unidade seguinte. Por exemplo, un 4,3 redondearíase a 4 e un 6,67 a 7.

As **probos de calibración** realizaranse entre o profesorado que imparta unha mesma materia no mesmo nivel e estarán organizadas polo xefe de departamento. O profesorado



implicado, dirixido polo citado xefe de departamento, deberá emitir un informe de calibración, mínimo unha vez ao ano, que será reflexado nunha acta do departamento. A calibración realizarse en audicións ou probas de aula empregando as rúbricas II e III correspondentes a eses criterios de cualificación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non é posible realizar ampliación de matrícula dende sexto curso de grao profesional.

6.10.4 Medidas de recuperación

Estas medidas están destinadas ao alumnado que non alcance os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos nesta programación.

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de ensino-aprendizaxe nas ensinanzas de conservatorio é tal que o novo aprendizaxe se constrúe sobre o aprendido anteriormente. Por isto, no caso de acadar unha avaliación negativa nalgún dos trimestres anteriores á avaliación de fin de curso ordinaria poderase recuperar a materia. No caso de obter unha avaliación negativa nesta habería que recorrer a medidas de recuperación extraordinarias.

As medidas de recuperación ordinarias incluírían:

- Asistencia do alumno a clases de reforzo, no caso de existir no horario do profesorado.
- Asistencia do alumno a algunha das horas de tutoría.

- Exames de recuperación ao longo do curso na hora de clase.
- Audicións de aula.

Estas medidas estarán sempre adaptadas ás necesidades e idiosincrasias do alumnado nesta situación.

Probas extraordinarias

No caso de obter unha cualificación negativa na avaliación ordinaria, realizarase unha proba extraordinaria que consistirá na interpretación das obras programadas durante o curso, total ou parcialmente segundo o indicado no informe de avaliación negativa. Poderase tamén presentar un programa alternativo chegando a un consenso previamente co profesorado. O alumno atopará mais información sobre as probas extraordinarias no informe de avaliación negativa que se lle entregará coas notas da avaliación ordinaria. O exercicio será puntuado de acordo cos seguintes porcentaxes:

- 10% memoria, lectura dun fragmento a primeira vista adecuado ao nivel, improvisación dun fragmento empregando materiais procedentes das pezas que se presenten, explicación analítica dalgunha das pezas, etc.
- 40% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....



- 40% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....
- 10% recital final de grao profesional.

6.10.5 Recursos didácticos

Algúns dos recursos que se poderán empregar durante o curso son os seguintes:

- Botany Play, Torbjorn Lundquist.
- Partita Piccola, Torbjorn Lundquist.
- Sonatina Piccola, Torbjorn Lundquist.
- 10 Km ó finestrino, Luciano Fancelli, Ed. Bérben.
- A catedral destruída, Václav Trojan, Ed. Supranhon.
- Suite bulgara, Viacheslav Semionov, Ed. Intermusik Smülling.
- In the zoo, Neils Viggo Bentzon, Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Concerto moderne , Roger Eggermont.
- Tema e variazioni, Hans Kare Jacobsen.
- Mini suite N° 4, Gerhard Wuensch.
- Romance, Franck Angélis.
- Aphorisms, Petr Fiala.
- Grafeld's impresión, Bodgan Precz.
- Androide Miy Miy, Yashuiro Kobayashi.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Durante o curso, os profesores do Departamento, nas súas reunións, revisarán o grao de cumprimento desta Programación, atendendo aos seguintes aspectos:

- O proceso de ensinanza aprendizaxe: analizarase o grao de participación do profesorado na elaboración e na revisión da Programación Didáctica, a coherencia do desenvolvemento da mesma cos obxectivos definidos no Proxecto Educativo, a secuenciación axeitada de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e a adecuación de obxectivos e contidos establecidos no grao.
- A metodoloxía: observarase se se teñen en conta os coñecementos previos do alumno, se se utilizan estratexias didácticas diversas para atender á diversidade dos alumnos, se se implica aos mesmos no seu proceso de aprendizaxe, permitíndolles que propoñan actividades, se a distribución de aula facilita a axuda entre iguais, o traballo autónomo, se dita distribución se modifica coas actividades, a idoneidade dos materiais e recursos didácticos, o aproveitamento dos recursos do entorno e se o profesorado orienta individualmente o traballo do alumno.
- Criterios de avaliación: recollerase información referente a: valoración do traballo que desenvolve o alumnado na aula e na casa, avaliación dos coñecementos previos e directa a través dos cadernos de traballo, participación do alumnado na súa avaliación, o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación por parte dos alumnos e as



súas familias, análise dos resultados cos grupos de alumnos, programación de actividades para ampliar e reforzar e a eficacia das sesión de avaliación.

- Para a realización da Homoxeneización o profesorado da mesma materia acordará os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción. Estes comunicarán coa suficiente antelación as datas das Audicións, probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes... levaranse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación ao menos unha vez ao curso.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Segundo recolle o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música, publicado no DOG ao abeiro do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, as programación de cada departamento deben incluír “os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación didáctica”. Así, será nas reunións do departamento onde se realizará de forma constante e permanente esta avaliación interna, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos e artísticos, posibles melloras, etc. Comentaranse tamén os casos de interese, evolución xeral do alumnado, resultado de audicións de aula e públicas, etc. trasladando á comisión de coordinación pedagóxica todos aqueles puntos que

se estime preciso. Tamén como parte desta avaliación interna se incluírán a avaliación dos medios físicos cos que se conta (material impreso, mobiliario, orzamentos, etc).



9. ANEXOS

9.1 Rúbrica de avaliación de Grao Elemental

	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 punto	0 puntos
Postura corporal (criterio técnico)	Todos os elementos corporais funcionan para garantir unha boa interpretación. O intérprete móstrase cómodo e sen tensións.	Boa. O intérprete é consciente da súa postura corporal e corrixe de forma fluída e inmediata posibles tensións.	Postura xeralmente boa, aínda que en ocasións algún dos elementos desta nunha posición pouco axeitada. Tensións ocasionais.	Un ou varios dos elementos corporais está nunha posición pouco axeitada para a interpretación. Tensións frecuentes.	Mala postura corporal en xeral. Tensións moi frecuentes.
Interpretación (capacidade para comunicar e expresar, criterio estético).	- Segura -Intérprete completamente concentrado. -Moi boa comunicación do carácter e do estilo.	- Boa. -Interpretación consistente. - Capacidade de comunicar carácter e estilo.	-Xeralmente seguro. Recupérase axiña dos tropezos. - Realización parcial dos detalles do estilo. - Certa musicalidade.	-Inseguro. Dificultade para recuperarse dos tropezos. -Insuficiente musicalidade.	-Paróns continuos. - Non musical.
Notas (precisión e coordinación, criterio técnico)	Unha elevada precisión e coordinación das notas.	Notas ben precisas e coordinadas.	Xeralmente as notas son correctas e hai boa coordinación.	Erros e/ou descoordinacións frecuentes nas notas.	Impreciso, en xeral.
Tempo (control do pulso, estabilidade e precisión rítmica, criterio técnico).	-Fluído e con flexibilidade onde procede. - Con carácter rítmico ben elevado.	-Tempo correcto. - Boa sensación rítmica.	-Tempo axeitado. -Pulso xeralmente estable. - En xeral un ritmo preciso.	- Tempo non axeitado. - Pulso irregular. -Ritmo impreciso	- Tempo e pulso incorrectos.
Dinámicas e control do fol (criterio estético e técnico)	-Presión e cambios de fol controlados. -Dinámicas adecuadas.	-Fol maioritariamente controlado, tanto cambios como presión. -Dinámicas maioritariamente precisas.	- Fol xeralmente controlado, pero con flutuacións ou outras imprecisións. - As dinámicas están en xeral ben, pero con imprecisións.	-Moitas dificultades para manter a presión do fol e para facer cambios controlados. -Dinámicas imprecisas.	- Presión do fol e/ou cambios totalmente descontrolados. - Non se respectan as dinámicas.
Dixitacións e articulacións (criterio técnico e estético)	Boas articulacións e dixitacións.	Dixitacións e articulacións controladas de forma xeral.	-A maioría de articulacións son precisas. - Na maioría da peza dixitación é axeitada e está ben realizada.	-Sen conciencia das articulacións. -Na grande maioría da peza non hai unha dixitación axeitada.	-Non se realizan as articulacións. -Non se emprega unha dixitación axeitada.



9.2 Rúbrica de avaliación de Grao Profesional

I) 10% asistencia e participación activa na clase, hábitos de estudo, traballo da memoria, actitude fronte a materia e interese.			
	2 puntos	1 punto	0 puntos
Asiste a clase de forma regular	Asiste a clase de forma regular.	Ten faltas sen xustificar.	O alumno non asiste a clase.
Participa de forma activa na clase	Participa de forma activa na clase.	O alumno non sempre está activo na clase.	O alumno non participa na clase.
Estuda de forma habitual na casa	Estuda na casa seguindo as indicacións da clase.	O estudo non sempre é regular ou segue o indicado na clase.	Non hai estudo habitual.
Ten unha boa actitude fronte a materia e mostra interese	Moi boa actitude fronte a materia, mostra interese polos diferentes aspectos que conforman a materia.	En xeral unha actitude positiva.	Mala actitude e falta de interese.
Traballa de memoria na casa seguindo as indicacións da clase	O traballo da memoria é completo, non empregando unicamente a memoria muscular.	O traballo da memoria é parcial, non seguindo todas as indicacións da clase ou faltando certo estudo.	Non estuda de memoria na casa ou non o fai seguindo as indicacións.

II) 35% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, dixitación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración...					
	5 puntos	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 punto
Postura corporal	Todos os elementos do corpo-instrumento están en todo momento colocados de forma óptima para a interpretación.	Na grande maioría de tempo os elementos do corpo-instrumento están colocados de forma axeitada para a interpretación.	Os elementos do corpo-instrumento están en ocasións colocados de forma pouco axeitada, de forma que afecta á interpretación.	Os elementos do corpo-instrumento están colocados de forma pouco axeitada, afectando á interpretación.	Os elementos do corpo-instrumento están mal colocados, afectando gravemente á interpretación.
Control de fol	O fol utilízase sempre de forma correcta, mantendo a presión constante, realizando os cambios de forma precisa, emprega unha variedade de ataques e fins de son...	O fol é utilizado de forma correcta durante a maioría do tempo, a presión é bastante estable, os cambios non demasiado bruscos e hai diferentes tipos de ataques e fins.	En xeral fol está controlado. Non hai grandes descontrolis de presión e os cambios de dirección son, xeralmente, pouco bruscos.	O fol non sempre está controlado, a presión varía de forma habitual, os cambios de dirección son bruscos.	O fol está totalmente descontrolado, a presión varía constantemente e os cambios son pouco exactos e demasiado bruscos.
Seguridade	A interpretación é segura. Sen dúbidas en ningún dos aspectos.	Sen paróns nin tropezos. Pequenas inseguridades en fraseos, ritmos e/ou matices.	Xeralmente seguro. Recupérase axiña dos tropezos.	Controlar o instrumento é a única preocupación. Non se recupera rápido dos tropezos.	Sen control. Continuos paróns. A interpretación é errática e inconsistente.



Precisión rítmica	O ritmo é preciso en toda a interpretación.	O ritmo é preciso na maior parte da peza aínda que con algunha excepción.	Moitos patróns rítmicos son precisos aínda que outros moitos só se aproximan.	Algúns patróns rítmicos son incorrectos ou interpretados inconscientemente.	Moitos patróns rítmicos son incorrectos.
Precisión nas notas	Todas as notas son tocadas con precisión.	En xeral as notas son precisas, aínda que con algunha excepción nalgúns notas soltas.	En xeral as notas son correctas pero apreciase un pasaxe enteiro con notas incorrectas.	En varios pasaxes aprécianse erros frecuentes de notas.	A imprecisión chega a provocar paróns continuos na interpretación.
Tempo	O tempo correspóndese ó indicado na partitura.	O tempo aproxímase ó indicado saen que a sensación xeral se vexa afectada.	O tempo é notablemente distinto ao indicado, aínda que de xeito consciente.	O tempo é inadecuado provocando numerosos cambios de tempo incontrolados.	Impreciso e inconsistente.
Dixitación	A dixitación empregada é axeitada para a interpretación, seguindo as anotacións.	A dixitación empregada está indicada e séguese, na grade maioría da interpretación.	A dixitación está indicada e en xeral é a indicada para a interpretación. Na maioría das ocasións séguese as dixitacións indicadas.	A dixitación está indicada pero non está pensada de forma que funcione para a interpretación. Non se segue con detalle todas as dixitacións indicadas.	A dixitación cambia constantemente, non hai unha dixitación que permita unha boa interpretación, non está indicada.
Articulacións	As articulacións están sempre moi ben realizadas e son independentes entre os manuais.	A grande maioría do tempo as articulacións están realizadas de forma correcta e independente entre os manuais.	En xeral as articulacións están ben realizadas e son independentes entre os manuais.	As articulacións non sempre están ben realizadas, a súa realización nos manuais non é sempre independente.	As articulacións non son realizadas de forma correcta.
Dinámicas	Interpreta todos os matices de xeito musical e creativo, acordos ca partitura.	Interpreta a maior parte dos matices con precisión.	En xeral interpreta todos os matices pero con pouca precisión.	Algúns matices non se aprecian nin son interpretados conscientemente.	Moitos matices non se aprecian.
Rexistración	A rexistración utilizada é a indicada pola partitura ou está ben escollida de forma equilibrada. Os cambios de rexistro realízanse de forma sutil, sen afectar de forma negativa á interpretación.	Os cambios de rexistro realízanse de forma correcta a maioría das ocasións, sen que afecten á interpretación.	A rexistración está xeralmente ben utilizada, seguindo as indicacións. Ocasionalmente, os cambios son realizados de forma brusca.	Realízanse os cambios de rexistro indicados na partitura, pero os cambios realízanse de forma brusca ou pouco axeitada, afectando negativamente a interpretación.	Non se utiliza rexistración ou esta non é a axeitada. Os cambios de rexistro, de habelos, realízanse de forma brusca, afectando negativamente á interpretación.

III) 35 % aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

	5 puntos	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 punto
--	----------	----------	----------	----------	---------



Calidade do son	Son ben proxectado. Utilización sensible e coherente có pasaxe.	Boa conciencia da calidade do son. Principalmente controlado e consciente.	En xeral apréciase un control consciente da calidade do son.	En multitude de ocasións aprécianse lagoas no control do son.	Non se aprecia un control consciente do son.
Fluidez	Toda a peza é interpretada con fluidez. O pulso é estable e flexible onde é necesario.	A maior parte da peza interprétase con fluidez, aínda que con pequenas excepcións.	Só se aprecia fluidez nalgúns partes da peza. O pulso é inestable en ocasións.	En poucas ocasións a peza soa fluída. O pulso é inestable en xeral.	Non hai evidencia de fluidez na interpretación.
Fraseo	Apréciase en toda a peza o uso sutil das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.	Xeralmente apréciase o uso sutil das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.	En ocasións hai unha utilización sutil das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.	O uso das dinámicas non é sutil. O fraseo non é coherente ca partitura.	Non se aprecia un uso consciente das dinámicas para conseguir un fraseo coherente.
Estilo	Aprécianse todos os aspectos estilísticos propios da partitura.	Aprécianse a maior parte dos aspectos estilísticos propios da partitura.	Aprécianse aspectos estilísticos xerais sen excesivos detalles nin sutilezas.	Non se aprecian a maior parte dos aspectos estilísticos propios da partitura.	Non se aprecian aspectos estilísticos interpretados de xeito consciente.
Musicalidade: comunicación do contido dramático e emocional.	A interpretación expresa o carácter, contido dramático e emocional da peza correctamente.	Unha segura e expresiva interpretación de gran parte dos contidos da partitura.	A interpretación é ordenada e convencionalmente expresiva.	Interpretación impulsiva e ausencia de planificación estrutural.	Non hai evidencias dunha interpretación expresiva.

IV) 10% Lectura a primeira vista, improvisación, coñecemento de repertorio e intérpretes para o instrumento, análise de obras, etc.

	3 puntos	2 puntos	1 punto	0 puntos
Lectura a primeira vista	Moi boa lectura a vista.	Boa lectura a vista.	Lectura a vista aceptable.	Mala lectura a vista.
Improvisación	Realiza unha boa improvisación, seguindo as indicacións.	Realiza unha improvisación correcta, seguindo as indicacións.	Realiza unha improvisación aínda que de forma pouco axeitada ou sen seguir todas as indicacións.	A improvisación non segue as indicacións.
Realización de actividades complementarias (MISIÓNS OPCIONAIS)	Realiza todas as actividades complementarias propostas	Realiza a maioría das actividades complementarias propostas	Realiza algunha das actividades propostas	Non realiza ningunha das actividades propostas
Análise de obras	O alumno sèrvese en grade medida das ferramentas analíticas tratadas para resolver problemas da interpretación.	O alumno emprega de forma xeral algunhas das ferramentas analíticas tratadas na clase para resolver problemas da interpretación.	O alumno emprega algunha ferramenta analítica de forma ocasional para resolver algún problema interpretativo.	O alumno non emprega as ferramentas analíticas proporcionadas.

V) 10% interpretación pública en auditorio, aula ou similar. Asistencia e participación activa.

	3 puntos	2 puntos	1 punto
Asiste ao concerto como público e	Asiste ao concerto como público e mostra interese e unha actitude respectuosa	Asiste unicamente a parte do concerto ou mostra unha actitude pouco respectuosa.	Non asiste ao concerto.



<i>mostra interese e unha actitude respectuosa</i>			
<i>Participa tocando no concerto</i>	Participa tocando no concerto, do xeito acordado nas clases.	Participa no concerto aínda que non exactamente do xeito acordado nas clases.	Non participa no concerto.

9.3 Probas de acceso 1º de Grao Profesional

As probas de acceso a 1º de grao profesional consisten nun exame de instrumento e varias probas de linguaxe musical. A continuación detállanse os aspectos referentes á proba de acordeón. Para atopar as especificacións dos exames de linguaxe musical débese ir á programación da materia.

Contidos

1. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
2. Control do fol: fraseo dinámico, acentuación, articulación do fol, cambios de fol....
3. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato) en ambos manuais nos ritmos básicos traballados no nivel (redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os silencios correspondentes, etc.) en pezas de diferentes estilos e texturas.
4. Grafías propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII, rexistración, cambios de fol...).
5. Principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.

6. Estratexias para o desenvolvemento da memoria (especialmente memoria motora, por exemplo en saltos varios en MII, intervalos de segunda, terceira menor, semitono, etc. en MI/MIII, etc.).

Repertorio orientativo:

- Space Music, Petri Makkonen, Finnish Accordion Institute.
- Suite para nenos nº 1 Bogdan Precz, Ed Bérben.
- Marionette pantomime, (Gentle Doll-Poupée Douce, Lazy Day, Day's end), Robert Fleming, Ed Waterloo
- Melodie di primavera, Emilio Cambieri, Ed Bérben.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental con un mínimo de 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar, dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Ao menos unha das pezas será interpretada de memoria. Esta proba será cualificada segundo os seguintes criterios.

- 50% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 50% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....



9.4 Probas de acceso a outros cursos

2º de Grao Elemental

Contidos

1. Transporte físico do instrumento (mochilas, maletas, carros, etc.). Desprazamento ergonómico do instrumento, proceso de recollida, etc.
2. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
3. Control do fol: fraseo dinámico, acentuación, articulación do fol, cambios de fol....
4. Traballo de forma paralela en ambos manuais (MI-MIII), traballo con MII e melodía acompañada. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato) en ambos manuais.
5. Grafías propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII, rexistración, cambios de fol...).
6. Principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.

Exemplos de obras/exercicios do nivel:

- Binbili, bonbolo (Arr. Ricardo Llanos) en *Acordeón Divertido*.
- Ortzeko izar ederrok (Arr. Ricardo Llanos) en *Acordeón Divertido*.



- Mary had a little lamb (Arr. Ricardo Llanos) en *Pun txan txan*.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental con un mínimo de 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Esta proba será cualificada segundo os seguintes criterios.

- 50% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 50% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

3º de Grao Elemental

Contidos

1. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
2. Control do fol: fraseo dinámico, acentuación, articulación do fol, cambios de fol....
3. Traballo de forma paralela en ambos manuais (MI-MIII), traballo con MII e melodía acompañada. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non



legato) en ambos manuais nos ritmos básicos traballados no nivel (redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os silencios correspondentes, etc.).

4. Grafías propias do repertorio acordeonístico do nivel (MI, MII e MIII, rexistración, cambios de fol...).
5. Principio sonoro do acordeón e o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.

Algúns exemplos de obras do nivel son as seguintes:

- 35 Miniaturen für Akkordeon, Waldemar Bloch, Ed Waterloo.
- Miniatures for accordion, Eddie Harris, Ed, Waterloo.
- Duerme mucho (Arr. Ricardo Llanos) en Pun txan txan.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental con un mínimo de 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Esta proba será cualificada segundo os seguintes criterios.

- 50% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....



- 50% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

4º de Grao Elemental

Contidos

1. Posición básica habitual do acordeonista: colocación de pernas e pés, antebrazos, bonecas, mans, dedos, axuste de correas...
2. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: traballo da dinámica, busca das diferentes formas de emisión e extinción do son, etc.
3. Diferentes tipos de articulacións dixitais do nivel (legato, picado e non legato) en ambos manuais nos ritmos básicos traballados no nivel, tanto en MII como en MIII.
4. Estratexias para o desenvolvemento da memoria (especialmente memoria motora, por exemplo en saltos en MII, intervalos de segunda, terceira menor e semitono en MI/MIII, etc.).
5. Hábitos de estudo que permitan o avance progresivo no instrumento (estudo cotián, o diario de estudo, etc.).
6. Principio sonoro do acordeón; o funcionamento dos elementos básicos dispoñibles no instrumento que interveñen no resultado sonoro.
7. Distribución de contrabaixos e acordes disminuídos en MII.



8. Polifonía a dúas voces en un manual (exercicios preliminares e interpretación).

Exemplos orientativos de obras:

- Allerlei, Tobjorn Lundquist, Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- The four seasons, Bronislaw Kazimierz Pryzbylsky, Ed PWM.
- Space Music, Petri Makkonen, Finnish Accordion Institute.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental con un mínimo de 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Esta proba será cualificada segundo os seguintes criterios.

- 50% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 50% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

2º de Grao Profesional

Contidos

1. Auto-escoita como ferramenta para a mellora da interpretación.



2. Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dixital en diferentes texturas. Afondamento no traballo da articulación e acentuación (legatissimo, legato, picado, etc.) en diferentes texturas e pezas axeitadas ao nivel.
3. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: estudo das diversas formas de obtención e cese do son, cambios de fol, traballo da dinámica, etc.
4. Solución de problemas atopados durante a interpretación: elección da dicitación, articulación, fraseo, dinámicas, cambios de fol, rexistración...
5. Interpretación dun repertorio variado, dunha dificultade adaptada ao nivel, que permita o perfeccionamento técnico-interpretativo como solista e como parte dun grupo.

Repertorio orientativo:

- Kindersuite nº 1, nº 2, nº 3. Vladislav Zolotarev, Ed. Intermusik Smülling.
- Mosaic, Fritz Dobler, Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Nove invencións a dúas voces, Tobjörn Lundquist, Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Petri Makkonen, Lauuluja harmonikalle.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental na que interpretará 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar, dun nivel semellante aos



exemplos anteriormente propostos. Ademais realizará un pequeno exercicio de lectura a primeira vista (cunha preparación previa de 5 minutos, sen poder facer soar o instrumento). A totalidade da proba será cualificada segundo os seguintes criterios e porcentaxes:

- 10% memoria, lectura dun fragmento a primeira vista adecuado ao nivel.
- 45% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixital, control de fol, rexistración....
- 45% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

3º de Grao Profesional

Contidos

1. Auto-escoita como ferramenta para a mellora da interpretación.
2. Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dixital en diferentes texturas. Afondamento no traballo da articulación e acentuación (legatissimo, legato, picado, etc.) en diferentes texturas e pezas axeitadas ao nivel.
3. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: estudo das diversas formas de obtención e cese do son, cambios de fol, traballo da dinámica, etc.

4. Solución de problemas atopados durante a interpretación: elección da dixitación, articulación, fraseo, dinámicas, cambios de fol, rexistración...
5. Interpretación en público dun repertorio variado, dunha dificultade adaptada ao nivel, que permita o perfeccionamento técnico-interpretativo como solista e como parte dun grupo.

Repertorio orientativo:

- Suite Safari, Fermín Gurbindo, Ed. Berben
- Clowns II, Heikki Valpola
- Danza di Gnomi, Felice Fugazza
- Konstellation zu HEGA, Werner Richter

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental na que interpretará 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar, dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Ademais realizará un pequeno exercicio de lectura a primeira vista (cunha preparación previa de 5 minutos, sen poder facer soar o instrumento). A totalidade da proba será cualificada segundo os seguintes criterios e porcentaxes:

- 10% memoria, lectura dun fragmento a primeira vista adecuado ao nivel.
- 45% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....



- 45% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

4º de Grao Profesional

Contidos

1. Auto-escoita como ferramenta para a mellora da interpretación.
2. Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dixital en diferentes texturas. Afondamento no traballo da articulación e acentuación (legatissimo, legato, picado, etc.) en diferentes texturas e pezas axeitadas ao nivel.
3. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: estudo das diversas formas de obtención e cese do son, cambios de fol, traballo da dinámica, etc.
4. Solución de problemas atopados durante a interpretación: elección da dicitación, articulación, fraseo, dinámicas, cambios de fol, rexistración...
5. Interpretación dun repertorio variado, dunha dificultade adaptada ao nivel, que permita o perfeccionamento técnico-interpretativo como solista e como parte dun grupo.

Repertorio orientativo:

- Pupazzetti, Luciano Fancelli, Ed Bérben.
- Escenas Medievales, Tito Marcos
- Ghosparty, Petri Makkonen.
- Cartoni Animati, Luciano Fancelli.



Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental na que interpretará 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar, dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Ademais realizará un pequeno exercicio de lectura a primeira vista (cunha preparación previa de 5 minutos, sen poder facer soar o instrumento). A totalidade da proba será cualificada segundo os seguintes criterios e porcentaxes:

- 10% memoria, lectura dun fragmento a primeira vista adecuado ao nivel.
- 45% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 45% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

5º de Grao Profesional

Contidos

1. Auto-escoita como ferramenta para a mellora da interpretación.
2. Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dixital en diferentes texturas. Afondamento no traballo da articulación e acentuación (*legatissimo*, *legato*, picado, etc.) en diferentes texturas e pezas axeitadas ao nivel.



3. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: estudo das diversas formas de obtención e cese do son, cambios de fol, traballo da dinámica, etc. Estudo de diferentes efectos acústicos propios do instrumento (*bellows shake, ricochet*, distorsións, etc.).
4. Solución de problemas derivados da interpretación: elección da dixitación, articulación, fraseo, dinámicas, cambios de fol, rexistración...
5. Interpretación dun repertorio variado, dunha dificultade adaptada ao nivel, que permita o perfeccionamento técnico-interpretativo como solista e como parte dun grupo.

Repertorio orientativo:

- Sonatina Piccola, Tobrjorn Lundquist
- Nálady, Petr Fiala
- Momento musical, Jindrich Feld
- Clouds, Heikki Valpola.
- Estudio 1984 , Tito Marcos.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental na que interpretará 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar, dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Ademais realizará un pequeno exercicio de lectura a primeira vista (cunha preparación previa de 5 minutos, sen poder facer soar o instrumento). A totalidade da proba será cualificada segundo os seguintes criterios e porcentaxes:



- 10% memoria, lectura dun fragmento a primeira vista adecuado ao nivel.
- 45% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....
- 45% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

6º de Grao Profesional

Contidos

1. Auto-escoita como ferramenta para a mellora da interpretación.
2. Desenvolvemento da velocidade e flexibilidade dixital en diferentes texturas. Afondamento no traballo da articulación e acentuación (*legatissimo*, *legato*, picado, etc.) en diferentes texturas e pezas axeitadas ao nivel.
3. Busca da calidade do son mediante o perfeccionamento progresivo da técnica do fol: estudo das diversas formas de obtención e cese do son, cambios de fol, traballo da dinámica, etc. Estudo de diferentes efectos acústicos propios do instrumento (*bellows shake*, *ricochet*, distorsións, etc.).
4. Solución de problemas derivados da interpretación: elección da dixitación, articulación, fraseo, dinámicas, cambios de fol, rexistración...



5. Interpretación dun repertorio variado, dunha dificultade adaptada ao nivel, que permita o perfeccionamento técnico-interpretativo como solista e como parte dun grupo.

Repertorio orientativo:

- Acquarelli Cubani, Luciano Franceli, Ed. Bérben.
- Shades of Ivory, Gerhard Wuensch, Ed Waterloo.
- Tema e variazioni , Hans Kare Jacobsen.
- Mini Suite N°3, Gerhard Wuensch.

Criterios de avaliación e cualificación

O estudante realizará unha proba instrumental na que interpretará 3 pezas ou estudos axeitados para o nivel, tanto de bassetti como de estándar, dun nivel semellante aos exemplos anteriormente propostos. Ademais realizará un pequeno exercicio de lectura a primeira vista (cunha preparación previa de 5 minutos, sen poder facer soar o instrumento). A totalidade da proba será cualificada segundo os seguintes criterios e porcentaxes:

- 10% memoria, lectura dun fragmento a primeira vista adecuado ao nivel.
- 45% aspectos técnicos: resolución de problemas relacionados coa postura corporal, velocidade, disipación, dinámica, articulación dixitais, control de fol, rexistración....



- 45% aspectos estético-musicais: resolución de dificultades relacionadas co fraseo, o estilo, o uso do fol, musicalidade....

9.5 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza, son os departamentos os que establecerán os criterios valorativos para a súa obtención. No caso de acordeón, determinase que para a obtención do premio fin de grao o alumnado deberá interpretar un recital con, canda menos, tres obras. Destas, ao menos dúas serán orixinais para acordeón e dun nivel de 6º de grao profesional.

Criterios de avaliación:

- Demostrar sensibilidade auditiva no control do son: boa calidade do son, diferentes tipos de ataques e finais de sons, cambios de fol, progresión de crescendo e diminuendo, execución de efectos propios do instrumento, etc.).
- Demostrar control e exactitude na pulsación, velocidade e coordinación dixitais.
- Interpretación de obras de diferentes estilos, linguaxes, técnicas ou escolas.
- Valorarase de forma positiva a interpretación de memoria de todo ou parte do repertorio.



9.6 Anexo COVID 19

Neste contexto a avaliación inicial, realizada durante as primeiras semanas do curso escolar, cobra unha importancia maior. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a. Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b. Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en cursos anteriores.
- c. Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións de actuación por parte do profesorado.

A partir destes datos, realízanse as seguintes especificacións en canto a posibles escenarios de docencia:

- *Actividade lectiva presencial:* As clases desenvolveranse da forma habitual coa presenza do profesor e o alumnado, pero tendo en conta as medidas sanitarias contempladas no protocolo COVID do centro, así como as posibles actualizacións realizadas dende o centro ou por medio das autoridades sanitarias. Se o número de alumnos que formen parte da materia, e as características do espazo destinado para mesma non garanten as medidas de distancia interpersonal, e polo tanto as medidas de seguridade sanitaria estipuladas nos protocolos vixentes, o profesorado poderá desdobrar as clases en grupos máis reducidos e con docencia alternada, segundo sexa necesario e da forma que considere máis axeitada para garantir o proceso educativo.



- *Actividade lectiva semi-presencial.* Neste caso a docencia realizarase atendendo aos mesmos criterios que nun escenario presencial, respectando os horarios asignados a principio de curso así como as medidas sanitarias contempladas nos protocolos, compaxinando o ensino presencial e telemático a través de WebEx e a aula virtual. De ser preciso e de xeito excepcional poderanse empregar outro tipo de aplicacións como Google Meets ou Skype co obxectivo de dar continuidade ao estipulado na programación de referencia e intentando facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- *Actividade lectiva non presencial.* Neste caso a docencia impartirase por medios dixitais de forma exclusiva: mediante vídeo chamadas a través de WebEx e na aula virtual. Neste caso, esta última cobrará máis importancia, para facilitar o proceso de aprendizaxe e comunicación co alumnado, permitindo a realización de tarefas teóricas, comentarios, visualización de contidos, etc. Neste contexto, as audicións ou recitais realizaranse de forma virtual, mediante plataformas de conexión múltiple, como WebEx.